



ROGO PARA A ROZA DA MALEZA NO ACCESO AO CAMPO DE FÚTBOL DA COLEXIATA DE SAR

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O vial de acceso ao campo de fútbol da Colexiata de Sar, que se inicia nas proximidades do paso inferior da rúa de Sar e se estende en paralelo á vía ferroviaria nunha lonxitude duns 150 metros, atópase na actualidade inzado de silvas por ambos lados na súa maior parte.


A pesar da súa estreiteza que impide o paso simultáneo de dous automóviles e de que se trata dunha vía sen saída, nun dos seus laterais téñense pintado marcas para regular o aparcamento que se destina durante a noite a residentes. Pero o aparcamento vese dificultado pola abundante maleza que á súa vez invade parte da zona deportiva e complica o tránsito cara ao campo de fútbol e tamén a manobra de retroceso cando o portalón de acceso á instalación se atopa pechado.

Á vista desta situación, que se pode comprobar no arquivo fotográfico que se acompaña, o Grupo Municipal Popular presenta o seguinte rogo:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno Municipal se dean as instrucións necesarias para que se proceda á roza da maleza existente no acceso ao campo de fútbol da Colexiata de Sar, incluíndo a comunicación ao xestor da infraestrutura ferroviaria para que realice o mantemento na marxe da vía férrea que linda co citado acceso.

Santiago de Compostela, a 5 de novembro de 2018.

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Popular



ANEXO FOTOGRÁFICO

